



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

BANDO

JOSÉ LUÍS MARTÍNEZ SANJURJO,
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

F A G O S A B E R

Que polo Concello vai a iniciarse por medio da Policía Local unha campaña de vixilancia do cumprimento do establecido no Anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, en canto as **distancias que deben gardar as repoboacións forestais con respecto ás vías de titularidade municipal.**

As **distancias mínimas** que deben respectar as repoboacións forestais, en función da especie de que se trate, son as seguintes:

	Anexo I da Lei 7/2012 FRONDOSAS (ameneiros, bidueiros, castaños, carballos, laureis, nogueiras, ...)	Resto de especies (eucaliptos, pinos, ...)
Con autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas, estradas convencionais	4 metros	10 metros
Con pistas forestais principais	2 metros	6 metros (por ser concello declarado como zona de alto risco de incendio)

As distancias deben medirse dende o límite do dominio público, é dicir, **dende a aresta exterior da cuneta.**

A realización de novas repoboacións forestais ou a non adaptación das repoboacións existentes se gardar as distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, constitúe unha infracción administrativa grave, que poderá dar lugar ademais da **obriga de reparar o dano causado**, á tramitación do correspondente procedemento sancionador e **imposición dunha multa por importe de 1001 a 100.000 euros** (Lei 43/2003, de 21 de novembro).

Así mesmo, infórmase que en ningún caso os **accesos ás fincas** interromperán ou modificarán as escorrentías das gabías, polo que se disporán entubamentos nos puntos de paso cunha sección non inferior á que se aprecie no canle ou gabia para a escorrentía e como **mínimo, un tubo de 400 mm. de diámetro**, debendo presentar a correspondente comunicación previa no concello.

ORDES, 14 de marzo de 2017

O ALCALDE

Asdo. José Luís Martínez Sanjurjo

